

Resolución provisional pola que se fai pública a relación de centros seleccionados, non seleccionados e excluídos conforme o disposto no apartado 13 da Resolución do 14 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen as bases para a convocatoria de Contratos-programa Recupera-T no marco do Plan Recupera, dirixido a centros docentes públicos de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2021/22.

Esta publicación abre un prazo de cinco días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias, dirixidas á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A), xunto coa documentación complementaria. Para a presentación das reclamacións ou renuncias poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

José Luis Mira Lema

Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

